

# Letras galegas 2020

Este ano as letras galegas están dedicadas a **Ricardo Carballo Calero**, nacido o **30 de outubro de 1910** en **Ferrol**.



Cando Ricardo era pequeno oía falar constantemente dos coñecidos escritores galegos **Rosalía de Castro** e **Curros Enríquez**.

Cando era mozo morréronlle dous irmáns pequenos, e cando só tiña oito anos a súa nai. No relato autobiográfico que escribe anos despois **“O Lar de Clara”** conta como se converteu nun mozo solitario.

Cando era pequeno soñaba con ser un **mariño** que navegaba por todos os mares do mundo.



Era un moi bo estudante e fixo dúas carreiras, a de **Dereito** e a de **Filosofía e Letras**.

Despois dun tempo, en 1927 ingresa no **Seminario de Estudos Galegos**, unha prestixiosa institución.

O seu primeiro libro de poemas (**Trinitarias**) chegaría en 1931.

O verán de 1936 marcará un antes e un despois na vida de Ricardo xa que mentres el estaba en Madrid preparándose para ser mestre, manténdose fiel ao bando republicano, a súa muller, embarazada, estaba en Galicia, lugar que queda baixo dominio franquista. Afortunadamente non houbo ningún problema con ela e o bebé que agardaban.

Despois de estar dous anos recluído en Cádiz, en **1941** regresa a Ferrol e alí coñece a súa **filla**.

En 1950 vai traballar no colexio Fingoi, en Lugo, que tiña **educación mixta**, que é na que os nenos e nenas estudan xuntos.

A primeira novela en Galego que escribiu despois da pos-guerra foi: ***A xente da barreira***. O **17 de maio de 1958** ingresa na Real Academia Galega.

En **1963** a RAG comenza a celebrar o día das letras galegas, o mesmo ano que Ricardo publica o seu libro ***Historia da literatura galega contemporánea***.

En 1972 converteuse no primeiro **catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega** da historia.

Os seus últimos anos de vida dedicounos a **dar conferencias, publicar artigos e proseguir co seu traballo literario e ensaístico**.

Morre o **25 de maio de 1990** en **Santiago de Compostela**.

**Feito por: Olga García Amado**

**6ºB**

**FIN**